

# Intrigas mexicanas

Para solaz das horas

ARMANDO REQUEIXO

Francisco X. Fernández Naval publicou recentemente a terza entrega da serie novelística protagonizada por Suso Espada, ese seu detective que, dende o propio nome, rende homenaxe ao Spade de Hammett e que ten modos e faceres que lembran outros investigadores creados polos máis grandes do xénero.

En *Suso Espada. "Nota Roja"* o homónimo personaxe viaxa a México para tentar resolver o enigma que rodea o secuestro dun seu primo que vive en Oaxaca. Con esa escusa, iremos descubriendo a través dos ollos do empregado da axencia ADN (Axencia de Detectives Nabucodonosor) xentes e lugares que nos devolven un suxestivo e singular retrato do país centroamericano.

Vertixinosa, misteriosa e sorprendente, a novela espreme con mestría o recurso da intriga, ao que axuda unha escolleita galería de personaxes sabiamente caracterizados e uns diálogos áxiles e cribles.

Se esquecemos algúns saltos de raccord (personaxes de idades cambiantes) e a máis que discutible decisión de reproducir determinados parlamentos en castelán (algo que dende o realismo narrativo nin se precisa nin se xustifica), este *Suso Espada. "Nota Roja"* é un ben notable relato, de talento certo na escrita e segura aventura na trama, valores que saberán apreciar quen anden á procura dun texto ameno e de calidade para solaz das horas.

FERNÁNDEZ NAVAL, FX., *Suso Espada. Nota Roja*, Ed. Everest, A Coruña, 2010, PVP8,95 €

